



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de usos administrativos  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada (A Coruña)  
Tño.: 981 620 075 Fax: 981 621 274

## ANUNCIO

A Alcaldía do Concello de Sada ditou o 08/06/2020 a resolución que a continuación se transcribe literalmente:

### **“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Consulta Pública ORDENANZA Transporte público de persoas en vehículos de turismo (Taxi))**

A lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas establece no art. 132 a obriga de establecer anualmente un Plan Normativo que conterá as iniciativas legais ou regulamentarias que se prevean aprobar para o ano seguinte.

Unha vez aprobado o Plan por Resolución de alcaldía 983/2020 publicouse no Portal de Transparencia do Concello de Sada o día 3 de xuño de 2020, dando publicidade así ás necesidades postas de manifesto ben por esta alcaldía, ben polas diferentes concellarías ou departamentos para a ova regulación de materias competencia do Concello de Sada ou para a realización de modificacións nalgunhas existentes, ben dunha forma puntual ou ben dunha forma substancial que se determinará cando se proceda coa tramitación de cada expediente.

Considerando que en relación a nova regulación/modificación parcial por ordenanza denominada *Transporte público de persoas en vehículos de turismo (Taxi)* por esta alcaldía elaborouse unha memoria cumprimentado os aspectos sinalados no art. 133.1 da lei 39/2015, polo que é preciso substanciar unha consulta pública, a través do portal web do Concello para recadar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca da mesma.

En función das competencias atribuídas no art. 21.1.s) da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases do réxime local,

### **RESOLVO:**

Primeiro.- Abrir un prazo de 15 días hábiles de consulta pública a través do portal web do Concello de Sada para recadar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca da memoria de alcaldía que comprende os seguintes aspectos en relación á nova ordenanza *Transporte público de persoas en vehículos de turismo (Taxi)*; que se vai redactar:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Segundo.- Publicar a presente resolución e a memoria na web e no portal de transparencia, computándose o prazo dende o día seguinte ao da publicación para realizar as aportacións que se consideren oportunas a través do rexistro de entrada do Concello, ben presencialmente, ben telemáticamente ou a través de calquera dos medios establecidos no art. 16.4 da lei 39/2015.”

\_\_\_\_\_

O que se publica para xeral coñecemento

Sada, na data da sinatura dixital

O Alcalde

Óscar Benito Portela Fernández

### **-Tableiro, Web e Sede Electrónica**

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pode Vde. Verificar a integridade autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: <http://sede.sada.gal>



Edificio de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274

CONCELLO DE SADA

## MEMORIA XUSTIFICATIVA DA PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ORDENANZA DE TRANSPORTE PÚBLICO DE PERSOAS EN VEHÍCULOS DE TURISMO (TAXI)

As Entidades Locais gozan de autonomía para a xestión dos intereses que lles son propios. O artigo 4.1.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases do réxime local, outorga aos concellos a potestade regulamentaria dentro do ámbito das súas competencias, e o artigo 80.2 m) da Lei autonómica 5/1997 de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia se establece que o municipio exercerá, en todo caso, competencias en los términos de la legislación do Estado e da Comunidade Autónoma nas seguintes materias: m) O transporte público de viaxeiros.

A manifestación desta competencia reflíctese na elaboración dunha Ordenanza que regule os aspectos relacionados co TRANSPORTE PÚBLICO DE PERSOAS EN VEHÍCULOS DE TURISMO (Taxi) dentro do municipio.

Mediante esta ordenanza o Concello pretende regular diversas cuestións segundo o establecido na Lei autonómica 4/2013, de 30 de maio de Transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e complementar así a legislación estatal e autonómica neste ámbito.

Con anterioridade á aprobación desta lei non se producira na Comunidade Autónoma de Galicia un desenvolvemento legal da actividade do taxi, o que ven a resolver esta lei actualizando o contido regulador da actividade e adaptándoo ao contexto de Galicia.

Na exposición de motivos da propia lei se indica que o servizo de taxis ten una clara conexión coa Administración local, polo que se habilita aos concellos para a súa regulación máis concreta, sinalando a posibilidade de constituír áreas territoriais de prestación conxunta naquelas zonas nas que a prestación do servizo teña un carácter esencialmente supramunicipal.

Segundo o artigo 4 da devandita lei, as licenzas de taxi que habilitan para a prestación dos servizos urbanos de taxi son outorgadas polos concellos nos que se desenvolve a actividade, ou, no seu caso, pola entidade que asuma a xestión dunha área territorial de prestación conxunta que puidera crearse.

Pola súa banda as autorizacións interurbanas de taxi: permiten a prestación dos servizos interurbanos de taxi e son outorgadas polo órgano competente da consellería que teña atribuídas as competencias en materia de transportes.

Así mesmo, corresponde tamén aos concellos a iniciativa para o outorgamento de novas licenzas de taxi, a determinación do número máximo de licenzas por titular e a ordenación do servizo para lograr unha coordinación en canto á determinación de réxime de horarios, calendarios, descansos e vacacións, etc e asegurando a prestación de servizo de transporte nocturno.

Para rematar, destacar as incidencias e queixas producidas no ano 2019 debido aos diferentes modos de publicitar o servizo por parte das distintas persoas posuidoras de licenza de taxi e ás que esta ordenanza pretende dar solución.

Os obxectivos desta ordenanza son, fundamentalmente:

- Dotar dun regulamento claro ao servizo de TRANSPORTE PÚBLICO DE PERSOAS EN VEHÍCULOS DE TURISMO (Taxi) no termo municipal.
- Establecer unha regulación clara nos trámites relacionados coas licenzas necesarias para a prestación do servizo.
- O establecemento de medidas co fin de garantir a prestación do servizo en condicións de igualdade e de forma continua.



Edificio de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274

CONCELLO DE SADA

- Prestar unha especial atención ás necesidades das persoas con diversidade funcional que teñen reducida a súa mobilidade e que precisa de vehículos adaptados, todo isto co fin de favorecer a súa integración social.

Sada, na data da sinatura dixital.

O alcalde.

Óscar Benito Portela Fernández